

VII CONVOCATORIA DE AXUDAS Á INVESTIGACIÓN SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS - 2024

(R.R. do 31/01/2024)

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ASIGNACIÓN DAS AXUDAS

De acordo co apartado 7 da convocatoria, e unha vez valoradas as alegacións á resolución provisional de asignación pola Comisión de Avaliación, reunida o día 16.04.2024, esta vicerreitoría resolve:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada, que se notificará individualmente á persoa aspirante, e elevar a definitiva a valoración provisional dos proxectos admitidos, publicada con data 03.04.2024 no taboleiro electrónico da USC.

Segundo.- Publicar a relación definitiva de asignación das axudas da convocatoria e a distribución da asignación dos importes para cada unha:

- Remesar Alonso, Susana

Título: *Determinación de las zonas de riesgo de picadura de garrapatas en el Camino de Santiago Francés (etapas O Cebreiro – Santiago).*

Importe da axuda concedida: **2.000 €(dous mil euros).**

- Rodrigues Moreira, Maria João da Cruz

Título: *Os caminhos de Santiago em Portugal. Análise do processo de certificação*

Importe da axuda concedida: **2.000 €(dous mil euros).**

- Sixto García, Jose

Título: *La app AlertCops en el Camino de Santiago: la importancia de comunicar un Camino seguro*

Importe da axuda concedida: **2.000 €(dous mil euros).**

Terceiro.- Elevar a definitiva a listaxe de agarda provisional acordada pola Comisión de Avaliación, publicada con data 03.04.2024 no taboleiro electrónico da USC.

Cuarto. - Conceder un prazo máximo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir desta publicación, tal e como se recolle no apartado 8 da convocatoria das axudas, para que a persoa responsable do traballo de investigación á que se lle concede a axuda presente unha carta de aceptación expresa da axuda, coa conformidade da institución á que está vinculada, a través do rexistro electrónico da USC, dirixida á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación. Se o responsable do traballo de investigación seleccionado non presentara a carta de aceptación no prazo establecido ou comunicase a renuncia expresa á axuda, concederáse a axuda seguindo a orde da listaxe de agarda acordada pola Comisión de Avaliación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022, modificada por RR do 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/04/2024 11:27:55.

CSV: 9B45-022B-4602-8B3B